

## BANDO

María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, a vista das medidas acordadas pola Xunta de Galicia ante a situación de emerxencia sanitaria derivada do **coronavirus COVID-19**.

### FAI SABER:

Que polo **Concello de Viveiro** adoptáronse as seguintes **medidas excepcionais e de prevención durante un período de 15 días, dende o 14 de marzo ata o 28 de marzo incluído:**

I.- **Suspender as actividades e eventos programados por este Concello.**

II.- **Suspender as actividades deportivas, culturais ou eventos que estivese previsto levar a cabo en instalacións municipais, quedando anuladas as autorizacións e cesións de uso de locais.** Así mesmo, durante dito período non se resolverán as solicitudes de cesión ou autorización de locais.

III.- **Acordar o peche das seguintes instalacións municipais,** por tratarse de lugares nos que poden concentrarse maiores colectivos de persoas ou persoas de risco:

- **Piscina – Biblioteca - Oficina de Turismo - Teatro Pastor Díaz – Uned – Conservatorio - Gardería Municipal – Centro de atención a alzheimer- Instalacións deportivas (pavillóns e campos de fútbol) - Centros socioculturais e locais sociais -Baños públicos municipais.**

IV.- **Acordar o peche das instalacións municipais cedidas á entidade Aspanane** nas que se presta o servizo de centro de día a persoas con discapacidade.

V.- **Acordar o peche dos parques infantís municipais.**

VI.- **Suspender a celebración do mercado semanal dos xoves e do mercado que se celebra os días 1 e os terceiros domingos de cada mes.**

VII.- **A atención ao público para a tramitación administrativa neste Concello quedará suxeita a previa solicitude de cita previa, que se realizará a través dos teléfonos 982560128 ou 982550421 (servizos sociais). A presentación de documentación realizarase preferentemente mediante a sede electrónica. Recoméndase solicitar cita previa unicamente nos supostos de trámites suxeitos a prazos e con carácter de urxencia.**

VIII.- **Recoméndase o uso responsable dos espazos públicos abertos, evitando na medida do posible as aglomeracións.**

IX.- **Extremar as medidas de hixiene e demais medidas preventivas en todas as instalacións municipais que permanezan abertas. Recoméndase así mesmo extremar as medidas de hixiene e demais medidas preventivas nos postos da Praza de Abastos e no Matadoiro Municipal.**

X.- **Suspender o servizo de axuda no fogar seguindo os criterios técnicos en base á necesidade de protección deste colectivo, naqueles casos que non sexa imprescindible para actividades da vida cotiá.**

XI.- **O prazo de vixencia destas medidas será sometido á revisión necesaria de acordo coa evolución da situación.**

XII.- **Apelar á colaboración dos veciños e veciñas no cumprimento das medida decretadas, que contan con un carácter preventivo, axustándose ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) para facer fronte á expansión da enfermidade, polo que a súa aplicación non debe xerar inquietude social, xa que se trata de adoptar actitudes responsables para intentar evitar contaxios.**

A Alcaldesa Asdo.- María Loureiro García (Documento asinado dixitalmente á marxe)

